- Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
- Cando as circunstancias persoais da alumna ou alumno con necesidades educativas especiais o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.
- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

- No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto co o se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os criterios para establecer medidas de reforzo educativo serán as seguintes:

- Tras unha avaliación inicial desfavorable.
- Cando o equipo docente perciba unha diminución no rendemento académico durante un período de tempo prudencial.
- Tras o análise de malos resultados académicos tras a avaliación.
- Cando se acheguen informes psicopedagóxicos ou médicos que avalen unha serie de necesidades específicas.

Promoción.

- Nos cursos primeiro, terceiro e quinto a promoción será automática.
- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.
- A decisión de promoción será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

| Remate. | Situación. | | Decisión. | Outros. |
|----------|--|-------------|-----------------------|---|
| 1º-3º-5º | Tódolas situacións. | | Promoción automática. | |
| 2º-4º-6º | Aproba tódolas asignaturas. | | Promociona | |
| 2º-4º-6º | Suspende unha asignatura. | | Promociona | En todo caso sera o equipo docente, tomando en especial consideración a información do profesorado titor quen decidirá en última instancia e tomará as decisións oportunas tendo en conta o recollido neste documento, así como calquera outra información relevante con respecto ao alumna/o. En todo momento prestarase especial atención ao benestar do alumnado tanto a nivel académico como social. |
| 2º-4º-6º | Suspende Lingua Castelá e Matemáticas ou suspende tres ou máis materias curriculares calquera. | Non repetiu | Non promociona | |
| | | Repetiu | Promociona | |

- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
- A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumnado, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

- A decisión de non promoción só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.
- Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, seguirase a establecido na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado.
- Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.
- Cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Nas sesións de avaliación serán revisados os proceso de ensinanza e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá os seguintes aspectos:

- a. Valoración dos resultados xerais do grupo.
- b. Valoración dos resultados por áreas.
- c. Valoración do proceso de ensinanza-aprendizaxe: medidas de atención a diversidade aplicadas, clima de traballo na aula, coordinación do equipo docente.
- d. Os procedementos e instrumentos de avaliación.
- e. Grao de desenvolvemento das competencias clave e logro de estándares de aprendizaxe.
- f. Metodoloxía empregada.

Todos estes aspectos quedarán recollidos nas actas de avaliación de cada trimestre.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Tendo en conta o establecido na ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23, a avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes do curso anterior.
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Os resultados das probas de avaliación inicial serán analizados e comunicados ao departamento de orientación para a posta en marcha de posibles apoios. Estes resultados servirán para adaptar a programación de aula ao nivel de competencia curricular do grupo de alumnos/as.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Nas Resolucións do 26 de Maio de 2022, díctanse as seguintes instrucións:

- a) Na atención ao alumnado con NEAE, coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso ensino e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.
- b) Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias.

Poñerese especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Algunha das medidas ordinarias que se poderán poñer en marcha unha vez que se detecten as dificultades, son as que seguen:

- Reforzo Educativo: no contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación: para dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Programas de enriquecemento curricular: destinado ao alumnado talentoso ou de altas capacidades con avaliación psicopedagóxica do servizo de orientación do centro que así o determine, que non foi obxecto de flexibilización.
- Metodoloxía: empregaranse de forma prioritaria as metodoloxías que promovan a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, como o aprendizaxe por proxectos.
- Programas de recuperación: para alumnado que non promocioe ou que promocioe con algunha cualificación negativa.
- Programas específicos personalizados: levaranse a cabo cando se detecten diferentes problemáticas de tipo individual e contando coa colaboración das familias, como por exemplo, o programa de adquisición de hábitos de traballo na casa ou outros que se elaboren ante determinados problemas de disciplina.
- Aplicación no recollido nos protocolos de TDAH, TEA, altas capacidades, dislexia ... cando sexa preciso.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Todas as actividades complementarias levaranse a cabo ó longo deste curso académico 2022/23 acolléndose a posibles modificación segundo criterios do claustro de Mestres do centro:

O alumnado deste curso participará como mínimo en:

| ACTIVIDADE | DATA |
|------------------|----------------------------|
| Samaín-Halloween | Venres, 28 de Outubro. |
| Magosto | Martes, 15 de Novembro |
| Nadal | Xoves, 22 de Decembro. |
| Día da Paz | Luns, 30 de Xaneiro. |
| Entroido | Venres, 17 de Febreiro. |
| Día das familias | Venres, 12 de Maio |
| Letras Galegas | Martes, 16 de Maio. |
| Xogos Florais | Derradeira semana de Abril |

Ademais, realizaranse todas aquelas actividades complementarias programadas na PXA para o noso curso, e aquelas que se axusten a nosa programación.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Para a avaliación do **proceso de ensinanza e a propia práctica docente**, teranse en conta os seguintes aspectos, sendo o 1 conseguido e o 2 pouco conseguido.

| Indicadores | | 1 | 2 |
|-------------|---|---|---|
| Alumnado | Adecuación da programación ao contexto de centro e aula. | | |
| | Organización e funcionamento do grupo de clase. | | |
| | Resposta á diversidade do alumnado. | | |
| | Consecución das finalidades sintetizadas na programación. | | |

| | | | |
|----------------|--|--|--|
| | | | |
| | Funcionalidade da metodoloxía adoptada. | | |
| | Emprego de recursos da aula e do centro. | | |
| | Proposta de actividades adecuada e motivadora. | | |
| | Eficacia dos procesos de avaliación (inicial e continua). | | |
| | Funcionalidade dos procedementos e instrumentos de avaliación. | | |
| Familias | Realización de reunións grupais e claridade na transmisión de información. | | |
| | Realización de reunións individuais co conseguinte establecemento dunha relación de confianza e cooperación. | | |
| | Claridade e eficacia na transmisión de informacións. | | |
| Equipo docente | Funcionalidade das reunións de coordinación. | | |
| | Utilidade das informacións intercambiadas relevantes ao alumnado para o exercicio das funcións docentes. | | |
| | Funcionalidade e utilidade das reunións de avaliación. | | |
| | Prevenición, seguimento e detección de problemas e dificultades. | | |
| | Precisión de informacións, proposta e execución de recursos e medidas para dar resposta á diversidade do alumnado. | | |

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

Tempo mínimo diario para a lectura

Lectura diaria individual ou colectiva nas áreas das linguas de alomenos trinta minutos diarios. Tamén se realizará complementariamente nas distintas áreas e dentro do plan lector.

Polo tanto, adicarase un tempo de cada sesión a mellorar as competencias lingüísticas xerais do/a alumno/a en cada unha das áreas do currículo.

Prácticas de fomento da lectura

Establecerase unha sesión diaria de lectura na que o alumnado lerá o mesmo libro de xeito colectivo e asistirá unha hora semanal á Biblioteca Escolar do Centro para realizar lectura individual. Realizaranse actividades de comprensión lectora necesarias para mellorar o seu rendemento e fomento das habilidades lectoras como: recitar poemas, trabalinguas, adiviñas, realizar dramatizacións, debates, .

Prácticas de fomento da escritura

Adicarase alomenos unha sesión semanal á produción de diferentes tipos de textos, elaborando cada nivel un listado de textos escritos para traballar co alumnado en función da dificultade. Levaranse a cabo ditados, composicións, textos dirixidos, resumo de contos, ...

Farase un listado de vocabulario novo de cada unha das áreas, prestando especial atención as regras ortográficas e o uso axeitado do significado.

Prácticas de comprensión oral e escrita

Levaranse a cabo debates, lecturas colectivas, exposicións sinxelas sobre diferentes temas, técnicas de animación a lectura, mesas redondas para mediar na resolución de conflitos, ...

Na comprensión escrita pódense realizar fichas guiadas de cada libro lido, uso da biblioteca de aula e do colexio cos seus servizos de préstamo, realizaranse avaliacións de lectura comprensiva e velocidade lectora.

Participación nas actividades anuais:

Préstamo cada grupo de alumnos dispón dunha sesión semanal dentro do horario escolar para asistir á Biblioteca. Esta sesión pódese aproveitar para levar a cabo o servizo de préstamo da Biblioteca. Normalmente cada semana faise cambio de libro, aínda que se pode renovar dependendo da lectura. De xeito alternativo, para traballar as competencias lingüísticas en galego e en castelán, vanse elixindo os títulos.

Libros de lectura colectiva: lectura de coleccións tanto en galego coma en castelán. É unha lectura obrigatoria. Normalmente faise unha lectura en voz alta onde se valoran e perfeccionan os aspectos relacionados coa mesma.

Outra das actuacións en relación coa integración do currículo dende a biblioteca, é a continuación da lectura duns **itinerarios lectores** que teñen unha mínima calidade e que teñen unha temática en consonancia cos contidos curriculares traballados no centro, elixidos en consenso entre o claustro de profesores e o equipo de biblioteca.

| | | | |
|----------------------|------------------|----------------------|---------------------------|
| LECTURAS EN GALEGO | Ti non xogas | Os xogos de Carme | Diario Laranxa de Morgana |
| LECTURAS EN CASTELÁN | Manolito Gafotas | La lección de August | Un monstruo viene a verme |

Colaboraremos no proxecto proposto dende a biblioteca para este curso: animais en perigo de extinción. Ademais faremos uso da biblioteca escolar e participaremos nas distintas actividades propostas dende o equipo de biblioteca.

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Tratarase de contribuir ao logro dos obxectivos do plan TIC que se citan a continuación e que non están redactados por orde de prioridade nin de temporalidade. Son aqueles que entendemos útiles para acadar a competencia dixital.

- Fomentar o uso da páxina web do CEIP Mestre Valverde Mayo (<http://centros.edu.xunta.es/ceipmestrevalverdemayo>) como canle de información, comunicación, participación e colaboración coa comunidade educativa.
- Usar a páxina web do centro como referente de actividades avaliativas realizadas polo profesorado e dirixidas especialmente ó alumnado do noso centro.
- Fomentar de igual xeito o uso das TIC para a procura de información non só profesional senón tamén de experiencias que poidan servir na práctica docente a todo o profesorado de áreas e materias.
- Favorecer o intercambio de experiencias propias ou alleas a través de Internet.

- Impulsar o uso desta ferramenta tecnolóxica a todo o alumnado en xeral e especificamente como unha ferramenta moi interesante cos alumnos con NEE ou con necesidades de reforzo e/ou apoio na aprendizaxe.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado e a motivación e o seu afán de coñecemento mediante o acceso as distintas ferramentas TIC.
- Facilitar ó alumnado estratexias para coñecer, comprender, aplicar e analizar información mediante o uso das TIC.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas distintas áreas.
- Empregar o ordenador como xeito de expresión, creación, aprendizaxe, cooperación e integración.
- Fomentar o uso das TIC na ANPA do centro, favorecendo o aproveitamento das infraestruturas do colexio para a aprendizaxe de coñecementos mínimos para un uso básico das TIC en relación ós seus fillos.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC motivadas pola situación social.

Os **contidos** a traballar serán:

- Elaborar actividades para a páxina web do centro. Cada mestre/a entregará como mínimo tres entradas/traballos por trimestre no curso académico para a páxina web seguindo as pautas entregadas para tal fin ao inicio de curso
- Colaborar responsablemente coa persoa encargada do almacenamento de imaxes e vídeos.
- Desenvolver o Proxecto E-dixgal conforme ó proxecto enviado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Elaboración mínima de tres programas de radio por nivel.
- Participación na radio realizando o programa semanal no día indicado para o curso (novas do día, información metereolóxica, aniversarios, música e dedicatorias).
- PROXECTO EDIXGAL:
 - Páxina web: búsqueda de información, practicar e repasar contidos...
 - Libros dixitais: lecturas en galego e en castelán.
 - Recuncho de Leo: opinión de libros lidos ao longo do curso.
 - EDI: repaso de contidos a nivel grupal ou en grupos reducidos.
 - ODT: presentación e realización de traballos.
 - IMPRESS: presentación e realización de traballos.
 - AUDACITY: Gravadora de sons (ordenador).
 - GIMP: retoque fotográfico, carteis, imaxes...

Setembro de 2022

A titora,

Cristina Zarauza Creo

ANEXO 1

ANEXO 1

ÁREAS IMPARTIDAS POR PROFESORADO ESPECIALISTA.

LINGUA EXTRANXEIRA 6º**ÍNDICE**

1. **RELACIÓN DE OBTXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.**
2. **CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**
3. **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**
4. **CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.**
5. **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**
6. **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**
7. **INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**
8. **DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.**
9. **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**
10. **MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**
11. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.**
12. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.**

1. RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEXTO |
|--|--|--|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais). – Formulación de hipótese sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B1.2. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual. ▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. ▪ B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEXTO |
|---|-----------------------------|--|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | dramatizacións. | <p>texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA |
| BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN | | | | |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEXTO |
|---|--|--|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación <ul style="list-style-type: none"> – Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Adecuar o texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso. – Execución <ul style="list-style-type: none"> – Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoo adecuadamente e axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. – Apoiarse en tirar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.). – Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais. <p>Lingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> – Modificar palabras de significado parecido. – Definir ou parafrasear un termo ou expresión. <p>Paralingüísticos e paratextuais</p> <ul style="list-style-type: none"> – Pedir axuda. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación. ▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar. ▪ B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo. ▪ B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir. ▪ B2.5. Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais). – Formulación de hipótese sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. – Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal. ▪ B3.3. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> – Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións. – Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención. – – Descrición de persoas, actividades, | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual. ▪ B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen. ▪ B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ©, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEXTO |
|---|--|---|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <p>lugares, obxectos, hábitos, plans.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Narración de feitos pasados remotos e recentes. - Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. - Establecemento e mantemento da comunicación. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas: <ul style="list-style-type: none"> - Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía. | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1 Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> - Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir etc.). - Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.). - - - | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEXTO |
|--|--|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <ul style="list-style-type: none"> - - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.). ▪ B4.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: <ul style="list-style-type: none"> - Interese pola presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético e empregando a correcta grafía e ortografía. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen. ▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada. ▪ B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente. ▪ B4.8. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC |
| BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna. | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEXTO |
|------------|--|--|---------------------------|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2 Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> – Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións. – Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención. – Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. – Narración de feitos pasados remotos e recentes. – Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. – Establecemento e mantemento da comunicación. ▪ B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas: <ul style="list-style-type: none"> – Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because); finalidade (to- infinitive, e. g. I did it to help her); comparación (as Adj. as; smaller (than); the biggest). – Relacións temporais (when; before; after). – Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)). – Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!). – – Negación (negative sentences with not, never, non (Adj.), nobody, nothing; Non (+ negative tag)). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto. ▪ B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais. ▪ B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática). ▪ B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e | | |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEXTO |
|------------|--|--|---------------------------|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <ul style="list-style-type: none"> - Interrogación (Wh- questions; Aux. questions). - Expresión do tempo: pasado (simple past; present perfect); presente (simple present); futuro (going to; will). - Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)); incoativo (start -ing); terminativo (finish -ing). - Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade (may); necesidade (must; need); obriga (have (got) to; imperative); permiso (can; may); intención (going to; will). - Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.). - Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, half, a bottle/cup/glass/piece of. Degree: very, too, enough). - Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement). - Expresión do tempo (points (e. g. quarter past five); divisions (e. g. half an hour, summer), and indications (e. g. now, tomorrow (morning)) of estafe; duration (e. g. for two days); | <p>estrutura interrogativa para demandar información).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses. ▪ B5.6. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos. ▪ B5.7. Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos). ▪ B5.8. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia. ▪ B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e | | |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEXTO |
|------------|---|--|---------------------------|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <p>anteriority (before); posteriority (after); sequence (first...then); simultaneousness (at the same estafe); frequency (e. g. sometimes, on Sundays).</p> <p>– Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación. | <p>concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.10. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos. ▪ B5.11. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).) ▪ B5.12. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos. ▪ B5.13. Establecer similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima. ▪ B5.14. Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas. | | |

2. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

| ESTÁNDARES | 1º | 2º | 3º | % |
|--|----|----|----|--------|
| <ul style="list-style-type: none"> PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). | x | | | 50,00% |
| <ul style="list-style-type: none"> PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar. | x | | | 50,00% |
| <ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible. | x | | | 50,00% |
| <ul style="list-style-type: none"> PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción condúzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.). | x | | | 50,00% |
| <ul style="list-style-type: none"> PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). | | x | | 50,00% |
| <ul style="list-style-type: none"> PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo). | x | | | 50,00% |
| <ul style="list-style-type: none"> PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas. | x | | | 50,00% |

MÍNIMOS ESIXIBLES

Comprensión de textos orais:

- Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá.

Produción de textos orais:

- Ser quen de formular preguntas básicas relativas a gustos (Do you like...?), posesión ("Have you got...?"), habilidades ("Can you play tennis?") e hábitos ("Do you watch TV?"), en calquera persoa do tempo presente simple.
- Ser quen de comprender e responder preguntas relativas ao tempo libre, ás rutinas de diario, aos datos persoais (nome, idade, cidade, familia...), gustos e preferencias, posesión e habilidades, relativas a el/ela ou a unha terceira persoa.
- Memorizar e reproducir textos orais elaborados polo alumno/a, previamente traballados (diálogos e

textos expositivos breves), cunha boa fluidez e unha pronunciación que permita a comprensión do mesmo por parte do oínte.

- Ser quen de describir unha fotografía, expresando a presenza de alomenos tres obxectos visibles nela (“there is/are”) e as accións que as persoas están a realizar (“The boy is swimming”, “She is playing football”).
- Ser quen de improvisar unha conversa cun compañeiro sobre un tema traballado na clase.

Comprensión de textos escritos:

- Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado.
- Ser quen de contestar a preguntas sinxelas sobre información explícita de textos moi breves.

Producción de textos escritos:

- Escribir textos sinxelos de oracións simples organizadas, con estrutura suxeito-verbo-complemento e conectadas mínimamente por conectores básicos (and, but), cunha correcta organización de ideas e amosando variedade de vocabulario.

Coñecemento da lingua e consciencia intercultural:

- Recoñecer e ser quen de nomear o 50% do vocabulario traballado.

3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS

Os procedementos de avaliación estarán dirixidos a acadar a maior información posible, clara e concreta sobre o proceso individual de aprendizaxe do alumnado.

Empregaranse polo tanto:

- Observación sistemática.
- Probas orais.
- Rexistro e valoración dos traballos do alumnado.
- Rúbricas e listas de control.
- Cartafol.

Durante o curso usaremos un sistema de avaliación continua, consistente na corrección das tarefas diarias realizadas en cada área. Esta avaliación considerámola moi significativa e enriquecedora, xa que son os propios alumnos os que se decatan dos seus erros ao momento podendo deste xeito autocorrexirse.

Na avaliación trimestral teremos en conta os seguintes aspectos:

- Actitude do alumno e o esforzo influíndo na cualificación final, aínda que primarán o grao de consecución dos obxectivos e competencias clave dentro de cada área.
- Aptitude individual de cada alumno. O titor ou titora valorará a aptitude despois da observación diaria e sistemática e das distintas probas aplicadas. Favorecerase o esforzo e o traballo diario de cada alumno dentro das distintas áreas e farase un reforzo positivo para aqueles alumnos que carezan de certas aptitudes nalgunhas das áreas.
- Coñecementos adquiridos en cada unha das áreas priorizando aqueles contidos relacionados cos obxectivos mínimos de cada área. Destacamos os coñecementos adquiridos a través do razoamento, abstracción, dedución, síntese e resumo pasando a un segundo plano a aqueles adquiridos a través da memorización.
- Procedementos de traballo. Insistiremos nunha boa organización, orde e limpeza tanto nos seus cadernos de traballo como nos libros de texto e traballos varios realizados dentro da aula (cartolina, folios, traballos grupais, uso das novas tecnoloxías, etc.) observando o grao de interese e motivación de cada alumno tanto a nivel individual como grupal.

INSTRUMENTOS

- Valoración dos traballos realizados no caderno de aula ou en calquera outro soporte.
- Probas orais e escritas de avaliación de contidos traballados.
- Observación diaria do traballo desenvolvido na aula, do comportamento, a participación e a actitude cara a lingua inglesa.

4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS COMÚNS

O obxectivo destes principios metodolóxicos é unificar as actuacións de tódolos mestres nos diferentes cursos, dotar ao centro dunha liña común de actuación que facilite aos alumnos a xeneralización das aprendizaxes. Fan referencia a una serie de actividades, esixencias que deben respectarse en tódolos cursos tendo en conta as características propias de cada idade.

É **obligatorio** o cumprimento destes principios metodolóxicos por parte de todo o profesorado do centro.

Con respecto as **tarefas extraescolares** haberá un criterio común por parte de todo o profesorado e que será o seguinte neste nivel:

- Que sirvan para reforzar o aprendido
- Que teñan una aplicación práctica.
- Sirvan para crear un hábito de estudio.
- Ten que ser una actividade máis da xornada do neno .O tempo adicado a realizar a actividade non debe ser maior de 30 minutos nos niveis inferiores de primaria e unha hora nos niveis superiores.
- Implicaremos ás familias na adquisición do hábito lector como fonte de lecer e de entretemento.
- Deben de programarse posibilitando que o neno teña un tempo de diversión e descanso despois da xornada escolar.
- Teñen que saber realizala por si mesmos.
- Non todas as actividades son de lapis e papel..Tarefas de procura de información, ver, preguntar, ler, ...
- As familias tamén estarán implicadas nalgúns dos temas monográficos traballados dende o centro ou dende a aula.
- Os nenos deben apuntar as tarefas na axenda do alumno que serán obxecto de corrección individual por parte do docente.

Con respecto os **cadernos**:

- Os cadernos deben ser corrixidos e supervisados.
- Este debe esixir limpeza organización e orden (marxe, data, cores diferentes para enunciados, datas...)
- caderno ten que ter continuidade ,(escribir sen deixar separacións grandes ou páxinas en branco.)
- Ter en conta os cadernos á hora das avaliacións.
- Corrixir ata 4º os cadernos de un en un. En 5º e 6º corrixir en grupo, e posteriormente o titor supervisará as correccións feitas polo alumnado. A autocorrección sempre debe ser supervisada polo titor. Verbalizar en voz alta as equivocacións.

Con respecto o traballo cas **axendas** haberá que seguir unas normas comúns de emprego en tódolos niveis de E.P. A rutina a seguir é a seguinte:

- 1ª HORA: O alumnado coloca a axenda sobre o pupitre na páxina do día, de xeito que o mestre fácilmente pode observar se hai algunha anotación.
- Ao longo da mañá os mestres escriben na pizarra, sempre no mesmo lugar, nun espazo adicado a esta finalidade, o que debe estar anotado ese día.
- O mestre ten que asegurarse que o alumno o anote e que garde a axenda. Trátase de crear un hábito.
- Para evitar despistes non deixaremos que a axenda se coloque dentro do pupitre ou noutro lugar. A axenda só estará sobre a mesa ou dentro da mochila.
- A axenda debe vir asinada tódolos días polo pai ou a nai, para comprobar que a viron na casa. (deberemos ser permisivos naqueles casos nos que non existe unha boa implicación familiar no traballo escolar dos nenos, e deberemos ser estrictos naqueles casos nos que intentamos acadar no alumno responsabilidade, organización...)
- Cousas para anotar na axenda: deberes, datas de entrega de traballos, datas de exames, resultados de probas, citas para titorías, materiais que deben traer da casa...
- Os nenos deben apuntar as tarefas na axenda do alumno que serán obxecto de corrección individual por parte do docente.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS ESPECÍFICAS DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA

- **Motivación** cara á aprendizaxe no alumnado, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.
- **Actividades de movemento e lúdicas**, para o cal se recurrirá a espazos abertos tales como o patio do centro e outros espazos común (aula de informática, etc).
- **Total Physical Response** como expresión corporal do vocabulario traballado.
- **Metodoloxía activa e contextualizada**: participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras. A interacción oral entre o alumnado será unha constante.
- **Estratexias interactivas**: permiten compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- **EDIXGAL**: empregárase esta plataforma para achegar materiais ao alumnado. O feito de que este programa facilite a cada alumno/a un ordenador portátil, permitirá que poidan crear arquivos escritos e sonoros que enviarán a través da devandita plataforma.
- **Tecnoloxías da Información e a Comunicación**: acceso a recursos virtuais, empregados tanto pola docente como polo alumnado (EDI). Para isto reservouse unha hora semanal na aula de informática do centro, onde o alumnado poderá acceder ao seguinte material:
 - Blogue de inglés do centro e o blog <http://chattyclass.blogspot.com/>, no que a mestra especialista recolle os recursos dispoñibles na rede e que foron previamente presentados na aula. Deste xeito o alumnado poderá acceder dentro e fóra da escola a materiais adecuados ao seu nivel de competencia lingüística.
 - Páxinas web como www.abcya.com, con materiais educativos en inglés, e <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/es>, con moitos recursos para aprender o idioma.

5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Blog de inglés do centro e o da mestra especialista (www.chattyclass.blogspot.com), na que se compilan recursos dixitais organizados por niveis educativos e por temática.
- Materiais interactivos creados a través de www.genially.com e google drive.
- Xogos dispoñibles na páxina web do colexio.
- Material de consulta e exercicios ofrecidos polas diferentes editorias na plataforma EVA.
- Exercicios online: www.liveworksheets.com, www.agendaweb.org, www.lyricstraining.com, www.islcollective.com,
- Gravadoras de audio (Audacity e a web <https://online-voice-recorder.com/es/>) para o rexistro da expresión oral na lingua inglesa.
- Procesador de textos Libre Office.
- Convertidores de texto a audio para a creación de arquivos sonoros enfocados a traballar a comprensión oral.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

| CRITERIOS | % |
|--|--------|
| Comportamento, participación e interacción na clase. | 10.00% |
| Probas e actividades de expresión oral | 30.00% |
| Probas e actividades de expresión escrita | 60.00% |

7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Nas sesións de avaliación serán revisados os proceso de ensinanza e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá os seguintes aspectos:

- Valoración dos resultados xerais do grupo.
- Valoración dos resultados por áreas.
- Valoración do proceso de ensinanza-aprendizaxe: medidas de atención a diversidade aplicadas, clima de traballo na aula, coordinación do equipo docente.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación.
- Grao de desenvolvemento das competencias clave e logro de estándares de aprendizaxe.
- Metodoloxía empregada.

Todos estos aspectos quedarán recollidos nas actas de avaliación de cada trimestre.

8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2021/2022 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.
- Realización de probas de avaliación inicial.

Os resultados das probas de avaliación inicial serán analizados e comunicados ao departamento de orientación para a posta en marcha de posibles apoios.

Estes resultados servirán para adaptar a programación de aula ao nivel de competencia curricular do grupo de alumnos/as.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

(Ver o punto 12 da programación de nivel)

10. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Para a avaliación do **proceso de ensinanza e a propia práctica docente**, teranse en conta os seguintes aspectos, sendo o 1 conseguido e o 2 pouco conseguido.

| | Indicadores | 1 | 2 |
|----------|--|---|---|
| Alumnado | Adecuación da programación ao contexto de centro e aula. | | |
| | Organización e funcionamento do grupo de clase. | | |
| | Resposta á diversidade do alumnado. | | |
| | Consecución das finalidades sintetizadas na programación. | | |
| | Funcionalidade da metodoloxía adoptada. | | |
| | Emprego de recursos da aula e do centro. | | |
| | Proposta de actividades adecuada e motivadora. | | |
| | Eficacia dos procesos de avaliación (inicial e continua). | | |
| | Funcionalidade dos procedementos e instrumentos de avaliación. | | |
| Familias | Realización de reunións grupais e claridade na transmisión de información. | | |
| | Realización de reunións individuais co conseguinte establecemento dunha relación de confianza e cooperación. | | |
| | Claridade e eficacia na transmisión de informacións. | | |
| Docentes | Funcionalidade das reunións de coordinación. | | |
| | Utilidade das informacións intercambiadas relevantes ao alumnado para o exercicio das funcións docentes. | | |
| | Funcionalidade e utilidade das reunións de avaliación. | | |
| | Prevenção, seguimento e detección de problemas e dificultades. | | |
| | Precisión de informacións, proposta e execución de recursos e medidas para dar resposta á diversidade do alumnado. | | |

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Como parte do itinerario lector para sexto curso, o alumnado lerá o libro **“The Ghost Teacher”**. Fomentárase a lectura grupal e individual, sempre buscando a participación do alumnado en diferentes actividades para despertar o gusto pola lectura.

Actividades previas á lectura:

Vendo a portada, adiviñar sobre qué trata a historia que se vai presentar.

Imaxinar qué personaxes aparecerán na historia.

Presentación de vocabulario con flashcards.

Actividades durante a lectura:

Ante un feito aparecido no conto, predicir qué ocorrerá a continuación (cómo reaccionará un personaxe, qué fará, CEIP MESTRE VALVERDE MAYO 22/23

Crear efectos sonoros coa voz ou obxectos para sonorizar a historia.
Repetición oral das intervencións dos personaxes, traballando a expresividade e a dramatización.
Inferenciar o significado de vocabulario desconocido.

Actividades despois da lectura:

Imaxinar un final diferente.

Cambiar o título do libro.

Escoller o personaxe favorito e argumentar o motivo desa elección.

Facer un debuxo retratando unha das esceas da historia.

Dramatizar o conto na aula.

Gravación en vídeo da devandita dramatización.

Gravar audios con intervencións dos nenos imitando a un personaxe.

Expresar a opinión sobre o conto.

Pictionary: crear un dicionario visual do vocabulario básico aprendido.

Interpretar unha canción relacionada co conto, incluíndo xestos que expresen o significado das palabras ou expresións.

Crear un spin-off, é dicir, desenvolver unha nova historia a partir do conto lido.

Fomentárase a consulta dos libros dixitais compilados no blog da mestra de inglés, recollidos na etiqueta "BOOKS". Faráselles coñecer os fondos en lingua estranxeira dispoñibles na biblioteca do centro.

12.ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Hoxe en día, estamos a vivir na era das TIC, tendo cada vez máis importancia no currículo escolar. Non só serven para apoiar o ensino e a aprendizaxe en materias do plan de estudos, senón que tamén son un tema en si mesmo. O desenvolvemento de habilidades, o coñecemento e a comprensión no uso das TIC prepárase aos alumnos para utilizar estas tecnoloxías na súa vida cotiá e o traballo. Como tal, o papel das TIC na aula baséase non só en mellorar as experiencias de aprendizaxe dos alumnos, senón tamén a acceder, compartir, analizar e presentar a información obtida a partir dunha variedade de fontes e de moitas maneiras diferentes.

Algúns dos recursos tecnolóxicos son:

- Cámara dixital e cámara de vídeo dixital
- Audiolibros
- Encerado dixital
- Blog de inglés da mestra especialista (chattyclass.blogspot.com), na que se recopilan recursos dixitais organizados por niveis educativos e por temática.
- Materiais interactivos creados a través de google drive.
- Xogos dispoñibles na páxina web do colexio.
- Exercicios e xogos on-line ofrecidos por [liveworksheets](#), [islcollective](#), [mes-games](#), [eslgamesplus](#), [mundoprimary](#), [OUP](#), [Macmillan](#), [kidzclub](#) e [primarygames](#), entre outros.
- Gravadoras de audio (<https://online-voice-recorder.com/es/> e [Audacity](#)) para o rexistro da expresión oral na lingua inglesa.
- Convertidores de texto a audio para a creación de arquivos sonoros enfocados a traballar a comprensión oral.
- Libre Office para a edición de textos e a creación de presentacións dixitais.
- EDIXGAL para a entrega de tarefas e achega de materiais para o alumnado.

Área de educación artística: Música.

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A Través dos contidos e aspectos que nesta programación serán expostos no punto, neste 6º curso de E.P. traballarase, en maior ou menor medida, na contribución de todas as competencias clave.

- **C. en comunicación lingüística (CCL):** a través do recitado rítmico, traballo de letras de cancións e elaboracións propias de textos rimados, ou non que lles achegarán así tamén á linguaxe poética. A adaptación dos grupos rítmicos a palabras sinxelas faralles tomar conciencia da separación silábica e da clasificación de palabras respecto da súa acentuacións
- **C. Matemática e tecnolóxica (CMCT):** traballando o pulso, o agrupamento de figuras e equivalencias rítmicas. O estudo dos diferentes compases binarios e ternarios, así como a súa subdivisión reforzarán aspectos matemáticos de equivalencias, división...
- **C. social e cívica (CSC):** no traballo grupal, espera de quendas, respecto as producións dos compañeiros/as. Mediante diferentes letras de cancións con mensaxes de igualdade, normas, hábitos saudables, respecto... valorando e respectando as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres e á non-discriminación de persoas por ningunha causa.
- **Conciencia e expresión cultural (CCEC):** mediante a interpretación, audición e reprodución de cancións, danzas da nosa comunidade e doutras culturas. escoitando e aprendendo a música culta mediante a participación activa, fomentando o interese pola música dos nosos devanceiros
- **C. para aprender a aprender (CAA):** adquirindo por unha banda, unha maior confianza en aquilo que pode facer por si mesmo e por outra a motivación para seguir aprendendo. Propiciarase para isto, situación que potencien a devandita motivación que o alumnado xa sente de xeito natural ante o feito sonoro.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE):** creando e improvisando esquemas rítmicos, melódicos e textos axeitados a debuxos melódicos previamente dados. Creando letras e melodías sexa de forma “analóxica” ou ben con axuda de recursos tecnolóxicos. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións e as coreografías (en grupo), ademais de fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas aos eloxios e ánimos de compañeiros/as e Mestres/as.
- **C. Dixital (CD):** neste curso académico toma especial relevancia neste nivel de 6º curso esta competencia pola súa importancia na situación especial que estamos a vivir. Sendo este un grupo Edixgal estarán en pleno traballo coas Tics co emprego diario dos seus ordenadores, tanto na aula como nas súas casas. Empregarán programas de produción musical e e creación de pequenas pezas co “musescore”.

2 .RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEXTO |
|---|--|---|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son. ▪ B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas. ▪ B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade. ▪ B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, principalmente a galega. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ a ▪ d | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas. ▪ B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais. ▪ B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL | | | | |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEXTO |
|---|---|--|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e ▪ k | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b ▪ d/a | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula. ▪ B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon. ▪ B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz. ▪ B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas. ▪ B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores. ▪ B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final. ▪ B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.6. Aмосa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEXTO |
|--|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos. ▪ B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese. ▪ B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios. ▪ B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC |
| BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b ▪ h/d ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás. ▪ B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural. ▪ B3.3. Interpretación de danzas coidando a | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEXTO |
|------------|--|-------------------------|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | <p>coordinación individual e colectiva.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos. ▪ B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto. | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, reconece os erros e amosa interese por mellorar o produto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |

3. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIAL

BLOQUE 1: A ESCOITA

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|--------------------|----------------------------|
| ▪ EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. | Terceiro trimestre | 50% |
| ▪ EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. | Segundo trimestre | 40% |
| ▪ EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias. | Segundo trimestre | 40% |
| ▪ EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Primeiro trimestre | 60% |
| ▪ EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. | Segundo trimestre | 60% |

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|--------------------|----------------------------|
| ▪ EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas. | Terceiro trimestre | 30% |
| ▪ EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. | Terceiro trimestre | 50% |
| ▪ EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | Terceiro trimestre | 40% |
| ▪ EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | Terceiro trimestre | 30% |
| ▪ EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento | Terceiro trimestre | 40% |
| ▪ EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. | Terceiro trimestre | 60% |
| ▪ EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | Terceiro trimestre | 60% |
| ▪ EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | Terceiro trimestre | 50% |
| ▪ EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. | Segundo trimestre | 50% |
| ▪ EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes. | Terceiro trimestre | 50% |
| ▪ EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización | Terceiro trimestre | 50% |

| | | |
|---|--|--|
| de imaxes e representacións dramáticas. | | |
|---|--|--|

BLOQUE 3: MÚSICA MOVIMENTO E DANZA

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN |
|--|--------------------|-----------------------------|
| ▪ EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | Terceiro trimestre | 50% |
| ▪ EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | Terceiro trimestre | 40% |
| ▪ EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | Terceiro trimestre | 30% |
| ▪ EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. | Terceiro trimestre | 40% |
| ▪ EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. | Terceiro trimestre | 40% |
| ▪ EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, reconece os erros e amosa interese por mellorar o produto. | Terceiro trimestre | 50% |
| ▪ EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito prazenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. | Terceiro trimestre | 50% |
| ▪ EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. | Primeiro trimestre | 60% |

3.1 MÍNIMOS ESIXIBLES

- Recoñece no pentagrama as notas pertencentes a escala de DoM
- Interpreta esquemas rítmicos coas figuras musicais básicas traballadas (redonda, branca, negra corchea e grupo de catro semicorcheas) incluíndo silencio de redonda, branca e negra.
- Identifica a ligadura e o puntiño e coñece o seu valor.
- Identifica os elementos de repetición nas partituras e a figura do calderón.
- Descubre as posibilidades do movemento do propio corpo a través do baile libre e a través da danza escolar desenvolvendo a percepción espacial..
- Interpreta cancións adaptadas á súa tesitura, de xeito individual con seguridade e boa actitude.
- Interpreta sinxelas pezas con instrumentos de láminas utilizando as notas da escala de DoM.
- Recoñece visual e auditivamente algúns dos principais instrumentos da orquestra e do folclore galego clasificándoos en familias.
- Recoñece visual e auditivamente os instrumentos máis significativos e sinxelos (por tesitura) de cada familia da orquestra clásica: violín, contra baixo, frauta, fagot, trompeta, tuba, timbais, bombo e pratos.

4. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos de avaliación estarán dirixidos a acadar a maior información posible, clara e concreta sobre o proceso individual de aprendizaxe do alumnado.

Empregaranse polo tanto:

- **Observación sistemática.**
- **Probas orais.**
- **Rexistro e valoración dos traballos do alumnado, tanto individuais como os colectivos.**

- **Realización de probas escritas (fichas e traballos diarios)**
- **Traballos de investigación e creación propia (con medios dixitais e/ou analóxicos)**
- **Gravacións de sesión de práctica instrumental, vocal ou de danza para o seu posterior análise.**
- **Rúbricas e listas de control.**

Durante o curso usaremos un sistema de **avaliación continua**, consistente na corrección das tarefas diarias realizadas en cada área. Esta avaliación considerámola moi significativa e enriquecedora, xa que son os propios alumnos os que se decatan dos seus erros ao momento podendo deste xeito auto corrixirse.

Na avaliación trimestral teremos en conta os seguintes aspectos:

- Actitude do alumno e o esforzo influíndo na cualificación final, aínda que primarán o grao de consecución dos obxectivos e competencias clave dentro de cada área.
- Aptitude individual de cada alumno. O titor ou titora valorará a aptitude despois da observación diaria e sistemática e das distintas probas aplicadas. Favorecerase o esforzo e o traballo diario de cada alumno e farase un reforzo positivo para aqueles alumnos que carezan de certas aptitudes musicais.
- Coñecementos adquiridos priorizando aqueles contidos relacionados cos obxectivos mínimos desta área. Destacamos os coñecementos adquiridos a través do razoamento, abstracción, dedución, síntese e resumo pasando a un segundo plano a aqueles adquiridos a través da memorización.
- Procedementos de traballo. Insistiremos nunha boa organización, orde e limpeza nos traballos varios realizados dentro da aula (cartolina, folios, traballos grupais, uso das novas tecnoloxías, etc.) observando o grao de interese e motivación de cada alumno tanto a nivel individual como grupal.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

PEDAGOXÍAS MUSICAIS EMPREGADAS E ASPECTOS A TRABALLAR:

- **Metodoloxía Dalcroze:**
 - Coordinacións globais simples e estruturadas
 - Xogos rítmicos e improvisatorios
- **Metodoloxía Orff – Wuytack:**
 - Uso da linguaxe como base rítmica - Prosodias rítmicas
 - Esquemas de percusión corporal
 - Instrumentos de láminas e pequena percusión.
 - Movemento libre e danzas populares.
 - Audición - Musicogramas: traballo da forma, instrumentos...
- **Metodoloxía Willems:**
 - Calidades do son – diagramas pancromáticos.
 - Xogos sonoros, localizacións, identificacións.
- **Metodoloxía Kodaly:**
 - Solfeo silábico
 - Fononimia
 - A voz e a canción como xeradoras do movemento

Neste curso de 6º de Educación Primaria e contando coa boa competencia dixital do alumnado deste nivel empregárase a plataforma Eva ao ser un grupo E-dixgal para os seguintes aspectos:

- Envío por parte da docente da programación semanal do curso indicado. Aquí figurarán actividades de retorno para ser corrixidas e avaliadas, enlaces e documentos informativos, de visión previa á realización de diferentes exercicios.
- Envío por parte do alumnado de exercicios indicados pola docente, tanto de tipo escrito como audiovisual.
- Emprego dos software de edición de son e creación musical para a elaboración de pezas, cancións etc...
- Emprego dos recursos que existen na nosa páxina web, como información de reforzo ou ampliación.

- Ante todo promoverase unha metodoloxía activa que promova a inquietude e interese do alumnado nunha ensinanza que, sendo non presencial dificulta a interacción e o traballo cooperativo.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Este curso escolar, por mor da actual situación sanitaria, as sesións de música impartiranse na propia aula do grupo burbulla polo que, os materiais específicos musicais serán máis reducidos.

- Encerado vileda
- Instrumental Orff, PAI e PAD (instrumentos de láminas)
- Partituras grupo instrumental Orff.
- Teclado electrónico.
- Campás e tubos sonoros de cores.
- Instrumentos de corda, vento e percusión que traia o propio alumnado.
- Musicogramas en formato impreso e interactivos.
- Láminas de ilustración de instrumentos, figuras rítmicas, danzas etc.
- Cartas cos instrumentos (por familias)
- Materiais de refugallo: tubos, latas, corda, area, pedras...
- Vaso plástico e pauciños chineses.
- Lápicos, pinturas de cores, cartolinas (de uso individual ou en pequenos grupos)
- PC, canón e pantalla táctil presente nas aulas.
- Recursos interactivos.

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNO

| | |
|---|-----|
| ESCOITA | 20% |
| RITMO E MOVEMENTO | 20% |
| INTERPRETACIÓN VOCAL | 20% |
| TRABALLOS DE CREACIÓN E INVESTIGACIÓN | 20% |
| ACTITUDE (esfuerzo, participación e interese) | 20% |

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

Nas sesións de avaliación serán revisados os proceso de ensinanza e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá os seguintes aspectos:

- Valoración dos resultados xerais do grupo.
- Valoración do **proceso de ensinanza -aprendizaxe**: medidas de **atención a diversidade** aplicadas, fomento do **traballo en equipo** e **coordinación** do equipo docente.

- c. **Planificación** adecuada das **actividades**: número, secuenciación, temporalización, nivel de dificultade e interese amosado polo alumnado (souben motivalo).
- d. Os procedementos e instrumentos de avaliación.
- e. Grao de desenvolvemento das competencias clave e logro de estándares de aprendizaxe.
- f. **Metodoloxía** empregada e **recursos**: grao de adecuación, atractivos, suficientes

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Nas Instrucións do 30 de xullo de 2020, no seu punto 4, especificábase que:

- a) Na atención ao alumnado con NEAE, coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso ensino e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurábase a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.
- b) Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias
- c) Diseñaranse e desenvolveranse plans de recuperación dos aspectos curriculares afectados pola suspensión da actividade lectiva presencial no curso 2019/2020, incluíndo neles as medidas de atención a diversidade en xeral e en particular as referidas ao alumnado con NEAE.

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e de equipo.

Algunha das medidas ordinarias que se poderán poñer en marcha unha vez que se detecten as dificultades, son as que seguen:

- Reforzo Educativo: no contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación: para dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Programas de enriquecemento curricular: destinado ao alumnado talentoso ou de altas capacidades con avaliación psicopedagóxica do servizo de orientación do centro que así o determine, que non foi obxecto de flexibilización.
- Metodoloxía: empregaranse de forma prioritaria as metodoloxías que promovan a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, como o aprendizaxe por proxectos.
- Programas específicos personalizados: levaranse a cabo cando se detecten diferentes problemáticas de tipo individual e contando coa colaboración das familias, como por exemplo, o programa de adquisición de hábitos de traballo na casa ou outros que se elaboren ante determinados problemas de disciplina.
- Aplicación no recollido nos protocolos de TDAH, TEA, altas capacidades, dislexia ... cando sexa preciso.

Neste grupo de sexto curso atopámonos cun total de 23 alumnos e alumnas varios dos cales presentan diferentes dificultades de aprendizaxe. Un alumno con ACs para o cal se tomarán medidas de flexibilización e adaptación de elementos curriculares que figurarán na mesma. Unha alumna con dislexia que recibe apoio de PT e outro alumnado con dificultades de aprendizaxe e que recibirá apoio na aula por parte doutro profesorado.

10. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA MECANISMOS DE REVISIÓN

Para a avaliación do **proceso de ensinanza e a propia práctica docente**, teranse en conta os seguintes aspectos, sendo o 1 conseguido e o 2 pouco conseguido.

| Indicadores | | 1 | 2 |
|----------------|--|---|---|
| Alumnado | Adecuación da programación ao contexto de centro e aula. | | |
| | Organización e funcionamento do grupo de clase. | | |
| | Resposta á diversidade do alumnado. | | |
| | Consecución das finalidades sintetizadas na programación. | | |
| | Funcionalidade da metodoloxía adoptada. | | |
| | Emprego de recursos da aula e do centro. | | |
| | Proposta de actividades adecuada e motivadora. | | |
| | Eficacia dos procesos de avaliación (inicial e continua). | | |
| | Funcionalidade dos procedementos e instrumentos de avaliación. | | |
| Equipo docente | Funcionalidade das reunións de coordinación. | | |
| | Utilidade das informacións intercambiadas relevantes ao alumnado para o exercicio das funcións docentes. | | |
| | Funcionalidade e utilidade das reunións de avaliación. | | |
| | Prevenición, seguimento e detección de problemas e dificultades. | | |
| | Precisión de informacións, proposta e execución de recursos e medidas para dar resposta á diversidade do alumnado. | | |

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN TIC

Neste último curso da Educación Primaria a contribución ao plan Tic é bastante amplo o ser este un grupo E-dixgal e dispoñer de ordenadores portátiles para todo o alumnado:

- Emprego habitual de software musicais, para creacións propias (musescore) ou edición de son (audacity).
- Emprego dos PC para traballos de investigación e pescuda musical (instrumentos, compositores, obras...)
- Emprego habitual da páxina web do cole e a plataforma E-dixgal durante as clases xa que alí hai traballos realizadas pola mestra especialista ou ben polo alumnado para traballar diferentes contidos desta materia. O alumnado deste curso realizará diversos traballos para a súa posterior visualización na páxina web.
- Traballo na PDI (ou outro tipo de pizarra interactiva que posúa o aula).

Área de Relixión

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A síntese da mensaxe cristiá, que se presenta no currículo, fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquiera as competencias axeitadas.

Comunicación lingüística

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Interactuar coa natureza de xeito respectuoso e desenvolver bos hábitos de saúde.
- Recoñecer a importancia da ciencia e confrontalas ás mostras de fe.
- Identificar elementos matemáticos (números simbólicos da Biblia, citas bíblicas...)

Competencia dixital

- Empregar distintas fontes para a busca de información(CD, DVD, internet,...)
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecementos.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Aprender a aprender

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente,...
- Desenvolver estratexias responsables nos traballos individuais e grupais.

Competencias sociais e cívicas

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia desenvolvendo a capacidade de diálogo.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nas distintas tarefas da aula.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos da sociedade.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.

Conciencia e expresións culturais

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético e limpeza.

3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

3.1. Obxectivos.

1. Recoñecer a imposibilidade de alcanzar a plenitude para a natureza humana.
2. Evidenciar a consecución da plenitude humana en relación de Deus en distintos signos de diferentes culturas.
3. Recoñecer a humanidade da persoa na relación con Deus.
4. Apreciar a riqueza dos textos históricos.
5. Recoñecer o encontro con Deus a través de Xesús.
6. Comprender como Xesús cumpre a vontade de Deus a pesar dos obstáculos.
7. Ver na Igrexa a continuación da misión de Xesús.
8. Recoñecer nos sacramentos de servizo a misión da Igrexa.
9. Comprender os trazos do tempo litúrxico de Pascua.
10. Identificar no encontro co Resucitado un cambio de vida.

3.2. Contidos.

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- A incapacidade do ser humano para ser feliz reclama a salvación.
- A plenitude do ser humano está na relación con Deus.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- O pobo de Israel como depositario da sabedoría de Deus.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Xesucristo, desvela o Pai.
- As tentacións de Xesús: obstáculo ao cumprimento do plan de Deus.
- Xesús envía os discípulos para continuar coa súa misión salvífica.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- Os sacramentos ao servizo da misión da Igrexa: Confirmación, Orde e Matrimonio.
- A Pascua, tempo de resurrección. Os froitos da resurrección de Xesús: a alegría e a paz.
- Os cristiáns, testemuñas da resurrección.

3.3. Avaliación.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | PERFIL COMPETENCIAL .Contribución á adquisición das competencias clave | | | | | | |
|---|--|--|------|----|-----|-----|-------|------|
| | | CCL | CMCT | CD | CAA | CSC | CSIEE | CCEC |
| Recoñecer e aceptar necesidade dun Salvador para ser feliz. | Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na | x | | | x | x | x | x |

| | | | | | | | | |
|---|--|---|---|---|---|---|---|---|
| | literatura e música actuais. | | | | | | | |
| Interpretar signos, en distintas culturas, que evidencian que a plenitude humana se alcanza na relación con Deus. | Descobre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade. | x | | x | x | x | | x |
| Recoñecer que a relación con Deus fai a persoa máis humana. | Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz. | | x | x | x | x | | x |
| Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia. | Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal. | x | | x | x | | x | x |
| Distinguir que a través de Xesús atopamos a Deus. | Identifica e sintetiza os trazos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoán. | x | | | x | | x | |
| Esforzarse por comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus. | Extrapolas as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer o Pai con situacións que viven os seres humanos. | | | | x | x | x | |
| Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa. | Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa. | x | x | | x | x | | x |
| Diferenciar a achega dos sacramentos de servizo á misión da Igrexa. | Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos dos sacramentos de servizo. | | | | x | x | | x |
| Identificar os trazos do tempo litúrxico da Pascua. | Sinala e explica os principais signos pascuais. | x | x | x | | x | | x |
| Valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado. | Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado. | x | | | x | x | | |

4. Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave.

As aprendizaxes imprescindibles están recollidas no epígrafe anterior.

5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización e grao mínimo de consecución para superar a materia.

5.1. Temporalización.

Os distintos contidos a traballar pertencentes aos diferentes bloques figuran no epígrafe 3.2.

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| Bloque 1- 2 | Bloque 3 | Bloque 4 |
| <p>O sentido relixioso do home</p> <p>A revelación: Deus intervén na historia</p> | <p>Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación</p> | <p>Permanencia de Xesucristo na historia:a Igrexa</p> |

5.2. Mínimos esixibles.

- ✓ Descobre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade.
- ✓ Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal.
- ✓ Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.
- ✓ Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos dos sacramentos de Servizo.
- ✓ Sinala e explica os principais signos pascuais.

6. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os que se describen a continuación:

- Valoración e presentación dos traballos realizados no caderno ou en calquera outro soporte.
- Probas orais, intervencións presenciais e algunha proba escrita.
- Observación diaria do traballo desenvolvido na aula.
- Portafolios.
- Debate.
- Proxectos.

7. Concrecións metodolóxicas da materia.

A metodoloxía levada a cabo será activa e participativa. Esta é unha metodoloxía que favorece a interacción entre iguais xa que moitas das actividades esixen a cooperación entre eles.

- Desenvolverase unha metodoloxía activa, creativa e participativa, que combina as actividades individuais coas do grupo, e a aprendizaxe real dos contidos coa súa aplicación práctica á vida diaria.
- Promover o protagonismo do alumnado mediante lecturas en voz alta, presentación en público dos traballos, exposición dos contidos, autoavaliacións, etc.
- Combinaránse as clases teóricas por parte da mestra coa realización práctica das actividades por parte dos alumnos.
- As distintas actividades realizaranse no gran grupo, en pequenos grupos e individuais.

- O traballo dalgunhas unidades completarase con murais, algún vídeo, relatos, poemas, traballos de expresión plástica e tamén búsqueda de información en diferentes medios.

-Empregaranse os medios analóxicos combinados cos recursos dixitais .

-Farase uso da plataforma EVA e tamén dos proxectos ABALAR-EDIXGAL na páxina web do centro, na sección de contidos sobre esta materia.

8. Materiais e recursos didácticos.

Ademais das fichas e materiais dixitais ofertados pola mestra, os alumnos/as contarán cunha libreta onde irán recollendo e plasmando os seus traballos. Tamén dispoñen dun equipo Edixgal.

O traballo dalgunhas unidades completarase con murais e pósters xa creados, algún vídeo, relatos, poemas, traballos de expresión plástica,....

Os materiais que usaremos serán: fotocopias, libreta, ordenador, Biblia , dicionario, películas, parábolas, lápices varios, pinturas, gomas, afialápices, papeis varios de manualidades, tesoiras, pegamento, material de refugallo e algún soporte informático.

9. Criterios de cualificación.

Os **criterios de cualificación** aplicados na área serán:

Presentación de traballos ----- 50%

Actitudes fronte a materia ---- 30%

Preguntas orais ----- 10%

Probas escritas ----- 10%

A **cualificación final** vaise obter mediante unha media ponderada, xa que será avaliación formativa, global e continua.

1ª avaliación – 20% 2ª avaliación -- 35% 3ª avaliación -- 45%

Área Educación Física**1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.-**

A presente programación ten como finalidade que cada alumno/a chegue a comprender o seu propio corpo e as súas posibilidades, ademais de coñecer e dominar un número variado de actividades corporais e deportivas de modo que, nun futuro, poida escoller as máis convenientes para o seu desenvolvemento persoal. Todo isto cun enfoque metodolóxico de carácter fundamentalmente lúdico.

Lograremos contribuir ao logro de diversos fins educativos neste último curso da Educación Primaria: socialización, autonomía,... así como a mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas, lúdicas e de movemento.

Para a realización da presente programación basearémonos no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Infantil e Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e as instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa con respecto ás medidas a adoptar en relación ao curso 2022/2023.

Ó alumnado ó que se aplicará esta programación didáctica é o seguinte:

| NIVEL | Nº ALUMNOS/AS | Nº NENOS | Nº NENAS | ALUMNADO CON NEE | Nº SESIÓN SEMANAIS |
|--------------|----------------------|-----------------|-----------------|-----------------------------|-------------------------------|
| 6º | 23 | 10 | 13 | 1 | 2 |

2- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A proposta para a materia de educación física é explorar por parte do alumnado todo o seu potencial relacionado coas capacidades motrices dun xeito individual e colectivo, achegarse o seu contorno, respectándoo e disfrutando do xogo como xeito de relacionarse, de respecto ós demais con independencia das súas características tanto físicas como motrices e aceptando en todo momento as normas propias dos xogos. A pesares de que a competencia motriz non esta incluída como unha competencia clave, é moi importante cara á consecución das competencias básicas:

| | |
|--|---|
| Competencia Social e Cívica | A través da práctica de actividades físicas trabállanse estratexias de colaboración, de integración, de respecto, de xogo limpo, de solidariedade, etcétera. |
| Aprender a Aprender | O xogo permite o alumno ou alumna habilidades para iniciarse na aprendizaxe e sercapaz de aprender ao longo da súa vida. |
| Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor | Adquirindo responsabilidades dentro do traballo de área necesarias para a vida cotiá e o feito de favorecer o coñecemento de si mesmo e unha mellora do controlemocional. |
| Conciencia e Expresións Culturais | Reflectida na motricidade humana como feitos culturais presentes nas distintas civilizacións. |
| Competencia en Comunicación Lingüística | Desenvolta dende varias perspectivas, pero en todas elas, un denominador común, os intercambios comunicativos que permiten os xogos de comunicación oral, os xogos de representación, e un longo etcétera. |
| Competencia matemática e Científico Tecnolóxica | Desenvolta a través de apreciación de distancias e traxectorias, tamaños, formas, etcétera. |
| Competencia Dixital | Coa valoración dun xeito crítico das mensaxes referidos ao corpo procedente dos medios de comunicación e pola posibilidade do uso das TIC como xeito de atopar a información necesaria para a mellora da saúde corporal e a calidade de vida. |

3- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.-

Baseándonos no decreto 105/2014 onde se establece o currículo de Educación Primaria en Galicia (DOG nº 171 do 9/9/2014) preséntase a seguinte programación englobada en bloques e que a diferenza dos outros niveis desenvolveranse dun xeito global dentro do bloque Xogos e deportes na erscola.

TÍTULO DO BLOQUE: Coñecemento do alumnado. Presentación e liñas básicas de traballo.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|--|---|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer normas básicas fronte ao COVID-19 • Distinguir as normas básicas de vestimenta e aseo persoal. • Normas básicas de conduta. | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento de normas básicas de actuación fronte ao COVID 19. • Adoptar medidas de seguridade na utilización de espazos e material. • Tomar conciencia de coidar a saúde adquirindo hábitos hixiénicos: abrigarse, asearse, etcétera. | <ul style="list-style-type: none"> • Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos demais. | <ul style="list-style-type: none"> • Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. • Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. • Participa activamente nas actividades propostas. • Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. • Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. • Acepta formar parte do grupo que lle corresponda. • Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase. | <ul style="list-style-type: none"> • CAA (Competencia Aprender a Aprender). • CSC (Competencia Social e Cívica). • CD (Competencia Dixital) • CCL (Competencia Comunicación Lingüística). |

TÍTULO DO BLOQUE: O corpo: Coñecemento, movementos e coidados.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|--|---|---|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver as habilidades físicas específicas coñecendo as súas posibilidades e limitacións. • Disfrutar coa actividade motriz (en calquera das súas manifestacións) como xeito de relación cos demais e de emprego do tempo libre. • Percibir o corpo como globalidade formada por un conxunto de partes independentes entre si mais relacionadas en canto ó seu funcionamento. • Recoñecer a esquerda e a dereita dos demais estando en movemento.. • Empregar correctamente o espazo no que se moven. • Profundizar na respiración e relaxación muscular ó ter un maior coñecemento dos elementos orgánico-funcionais. • Practicar costumes de traballo presentes na actividade física: quecemento e relaxación. • Practicar os hábitos de coidado externo do corpo (ducha, cambio de roupa e calzado) e as normas de alimentación relacionadas coa práctica de actividade física. • Recoñecer e identificar algúns factores ou prácticas que favorecen o desenvolvemento do corpo (exercicio físico, alimentación equilibrada,...) e diferenciarlas das non saudables (tabaco, alcohol, drogas,...). • Adoptar medidas de seguridade para evitar posibles accidentes | <ul style="list-style-type: none"> • Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente. • Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas. • Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito. | <ul style="list-style-type: none"> • Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica. | <ul style="list-style-type: none"> • Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. • Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. | <ul style="list-style-type: none"> • CAA (Competencia Aprender a Aprender). • CSC (Competencia Social e Cívica). • CSIEE Competencia do Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor. • CMCT (Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía). • CCL (Competencia Comunicación Lingüística). |

TÍTULO DO BLOQUE: O corpo: Unidade en movemento, habilidades motrices.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver as habilidades físicas específicas coñecendo as súas posibilidades e limitacións. • Experimentar situacións e problemas de equilibrio nos que se deban usar posicións inestables, incluídos os equilibrios invertidos, sinxelos e sen perigo. • Adaptar o movemento ás circunstancias e condicións en distintos medios, empregando distintos materiais e adecuándose ós estímulos externos. • Mellorar o desenvolvemento global das capacidades físicas, ampliando as habilidades motrices (botes, desprazamentos, recepcións, lanzamentos), con todo tipo de móbiles (balón, picas, pelotas, discos voadores) e iniciando a velocidade de reacción en situacións de xogo. • Resolver problemas motrices, seleccionando estratexias de resolución en función de diferentes criterios (economía, orixinalidade, eficacia). | <ul style="list-style-type: none"> • Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade. • Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións. • Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural. • Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción. • Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas. • Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais. • Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación. | <ul style="list-style-type: none"> • Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | <ul style="list-style-type: none"> • Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. • Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. • Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes. • Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. • Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. • Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades. | <ul style="list-style-type: none"> • CAA (Competencia Aprender a Aprender). • CSC (Competencia Social e Cívica). • CSIEE Competencia do Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor. • CMCT (Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía). • CCL (Competencia Comunicación Lingüística). |

TÍTULO DO BLOQUE: Xogamos, bailamos e representamos.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|--|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver as capacidades de expresión e de creación a través das formas básicas, polo manexo do corpo dun modo libre, espontáneo, individual e por compañeiros. • Recoñecer as distintas calidades de movemento a través de estímulos rítmicos. • Valorar a cantidade de recursos expresivos que posúe o corpo, transmitindo sensacións e estados de ánimo a través da mímica, danza e dramatización. | <ul style="list-style-type: none"> • O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal. • Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo). • Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento. • Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo. • Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas. • Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico-expresivas. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. | <ul style="list-style-type: none"> • Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas. • Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas. | <ul style="list-style-type: none"> • Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. • Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. • Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. • Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos. • Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas. • Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas | <ul style="list-style-type: none"> • CAA (Competencia Aprender a Aprender). • CSC (Competencia Social e Cívica). • CSIEE Competencia do Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor. • CCL (Competencia Comunicación Lingüística) • CCEC (Competencia Conciencia e Expresión Culturais). • CMCT (Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía). |

TÍTULO DO BLOQUE: Xogos do mundo e deportes.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer o xogo como forma fundamental de realiza-la actividade física e como medio de disfrute e de emprego do tempo libre. • Mellorar as relacións a través dos xogos: uso e entendemento das normas. • Aceptar de bo grao o papel que lle corresponda como xogador dentro dun equipo. • Desenvolver o costume de que o importante é a participación sobre o resultado en calquera competición deportiva. • Valorar o esforzo e as relacións persoais que supoñen as actividades lúdicas. • Aceptar ós/ás compañeiros/as de xogo con independencia das súas características persoais e sociais. • Comezar as actividades de iniciación deportiva, xogos adaptados e actividades alternativas tendo en conta un carácter máis multifuncional e de recreación que de aprendizaxe técnica de disciplinas deportivas concretas. • Ocuparse do mantemento tanto de materiais como do/s entorno/s onde se realiza a actividade física. • Respetar as normas do xogo. • Participar en xogos tradicionais e populares respectando a cultura propia e allea. | <ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación oposición. • Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo • O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente. • Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas. • Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. • Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación oposición. • Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación. • Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia. • Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza. | <ul style="list-style-type: none"> • Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades. • Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. • Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico deportivas. • Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación. | <ul style="list-style-type: none"> • Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. • Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais. • Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza • Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. • Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes. • Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios . • Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. • Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición . • Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza. • Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural. • Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar . | <ul style="list-style-type: none"> • CAA (Competencia Aprender a Aprender). • CSC (Competencia Social e Cívica). • CSIEE (Competencia do Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor). • CCL (Competencia Comunicación Lingüística) |

4- APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Os mínimos esixibles para este nivel son os que se citan a continuación:

| ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA 6º EP | | |
|---------------------------------------|-----------|--|
| B3.1. | EFB3.1.1. | Realiza desprazamentos variados e adaptados a diferentes actividades. |
| B3.1. | EFB3.1.2. | Realiza saltos variados e adaptados a diferentes actividades. |
| B3.1. | EFB3.1.3. | Realiza lanzamentos e recepcións de obxectos adaptados a diferentes actividades. |
| B3.1. | EFB3.1.4. | Aplica xiros variados a diferentes contornos e actividades. |
| B3.1. | EFB3.1.5. | Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. |
| B4.1. | EFB4.1.2. | Realiza movementos con expresividade a partir de estímulos rítmicos ou musicais. |
| B4.1. | EFB4.1.3. | Cóñece e practica bailes e danzas seguindo unha coreografía. |
| B5.1. | EFB5.1.5. | Realiza os quecementos con autonomía. |
| B5.2. | EFB5.2.3. | Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. |
| B6.2. | EFB6.2.3. | Realiza distintos xogos e deportes tradicionais respetando as regras. |

Tendo en conta que a actividade física é continuada no espazo tempo e que a mellora da condición física ven determinada por factores externos, será a actitude de superación a que faga evolucionar e reforzar calquera atranco atopado, sendo pois primordial traballar a autoestima e confianza nun mesmo como xeito de mellorar.

5- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA TEMPORALIZACIÓN E GRAO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

A continuación preséntanse os estándares de aprendizaxe necesarios para superar a materia, a súa valoración está en porcentaxes e a súa temporalización implica o curso escolar.

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|--|-----------------|-----------------------------|
| • Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | Curso escolar | 10% |
| • Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. | Curso escolar | 10% |
| • Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. | Curso escolar | 10% |
| • Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural | Curso escolar | 10% |
| • Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes. | Curso escolar | 10% |
| • Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. | Curso escolar | 5% |

| | | |
|--|---------------|-----|
| • Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. | Curso escolar | 10% |
| • Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais. | Curso escolar | 10% |
| • Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza | Curso escolar | 10% |

| | | |
|--|---------------|-----|
| • Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes. | Curso escolar | 10% |
| • Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición . | Curso escolar | 5% |

6- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Os procedementos de avaliación serán unha observación inicial sobre a condición física xeral (Ver ANEXO). Posteriormente se realizarán avaliacións das distintas sesións tendendo sempre a realizar unha acción sumativa dos aspectos positivos e tendendo a facer correccións naqueles que sexan negativos. A observación sistemática e continua será unha ferramenta básica, así como sesións específicas para comprobar a consecución dos contidos traballados onde a rúbrica terá un especial protagonismo.

Estes medios de seguimento e avaliación do traballo realizado polo alumno serán similares ante un ensino non presencial. Nesta situación a vídeo conferencia terá unha relevancia importante no proceso de observación directa e as rúbricas seguirán tendo un relevancia moi importante como instrumento avaliativo.

7- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS NA CLASE DE EDUCACIÓN FÍSICA.

A materia de Educación Física estivo moi condicionada pola situación da pandemia provocada polo COVID-19. O protocolo existente implicaba que as liñas metodolóxicas e organizativas existentes ata o de agora nas clases de educación física como son o traballo en equipo, a colaboración no grupo, a participación colectiva, a organización grupal, emprego de distinto material, etcétera, vense moi limitadas.

Por sorte, volvemos a “nova normalidade” tamén nas nosas sesión e agradácese posto que esta materia é moi diferente doutras do currículo, polo movemento, desprazamentos, polos amplos espazos, pola socialización, pola empatía cara ao grupo, a participación colectiva, etcétera. Todo isto coas condicións anteriores facíase moi complicado de realizar.

Na metodoloxía a empregar salienta que en todo momento o xogo será, na área de Educación Física, o eixe principal no desenvolvemento dos distintos obxectivos previstos para o presente nivel, se ben despois do mencionado anteriormente e coa intención de preservar o distanciamento de seguridade e o non emprego de material común entre outras medidas, no presente curso haberá actividades máis pechadas e dirixidas tal como sesións de pilates para nenos, ioga para nenos e “just dance”, que seguindo a liña de traballo cos contidos propostos,terán o mando directo como base de desenvolvemento. En todo caso as actividades propostas nos diferentes xogos serán por norma xeral non pechadas, é dicir, non eliminatorias para favorecer a participación

continua e total do alumnado, fomentando así a non discriminación por calquera condición e permitindo a continuidade activa e participativa de cada un dos alumnos e alumnas.

A metodoloxía a empregar tentará pois favorecer a participación do alumnado, a colaboración do alumnado (observando sempre o distanciamento de seguridade) e a resolución de situacións de xeito individual. O descubrimento guiado, o de ensaio – erro e a resolución de tarefas serán pois metodoloxías dirixidas a acadar os obxectivos previstos nesta programación, aínda que en menor medida.

En canto aos tempos e medios a empregar serán distintos ao de cursos anteriores. O uso da máscara implicaba actividades menos explosivas e que permitan unha recuperación entre actividades, polo que tíñase que ir alternando o traballo aeróbico con actividades de recuperación e descanso.

Agora xa non temos a necesidade de seguir os protocolos de desinfección establecidos no protocolo da COVID 19. O alumnado pode compartir material sen problema

8- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais existentes no almacen do pavillón son suficientes en xeral, aínda que durante o curso pasado incrementamos o noso listado utilizando o presuposto anual para o área de Educación Física con balóns de espuma novos, xogos de béisbol, una rede multifuncional, etc.

Ademáis do mesmo, empregarán preferentemente materias alternativas desbotables como xa se indicou no apartado anterior.

Xa non continuaremos a levar a cabo o protocolo COVID-19 de desinfección do material para o uso do material compartido.

Dentro dos recursos existentes terán un papel importante o equipo de son para aquelas a actividades de danza e expresión corporal.

9- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.-

Cara a ter a maior obxectividade preséntase a continuación os criterios de cualificación en porcentaxes:

| | | |
|-------------------|----------------|---|
| Avaliación | Procedementos: | <ul style="list-style-type: none"> - Entrega con periodicidade dos traballos, fotos e vídeos do alumnado. - Comunicación coa familia. |
| | Instrumentos: | <ul style="list-style-type: none"> - Rexistro de comunicación e participación do alumnado. - Recollida de tarefas a través da Aula virtual ou E-dixgal. - Outras vías de comunicación e de recollida de tarefas: correo electrónico, páxina web do centro... |

| | |
|----------------------------|--|
| Cualificación final | <p>3º Trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resultado da media das dúas avaliacións anteriores, valorandopositivamente o traballo realizado durante este trimestre. <p>Avaliación ordinaria:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resultado da media das tres avaliacións. |
|----------------------------|--|

| | |
|--|-----|
| Comprensión e asimilación de conceptos | 25% |
| Realización e execución das actividades | 30% |
| Respecto polos materiais e instalacións | 15% |
| Esfuerzo e interese | 15% |
| Cumprimento das normas | 15% |

9- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

| INDICADORES | AVALIACIÓN |
|--|--|
| Idoneidade das actividades propostas. | En cada sesión realizarase unha valoración de cada actividade e tomarase nota das correccións necesarias. |
| Idoneidade da metodoloxía empregada nas distintas actividades. | Valoración do grao de comprensión e acción nas actividades realizadas cara a poder realizar asoportunas correccións. |
| Grao de participación do alumnado na realización das actividades. | Considerarase positivo cando a participación sexa do 100%. |
| Grao de satisfacción do alumnado na realización das actividades. | Considerarase positivo cando polo menos exista un 90% do alumnado que así o manifeste. |
| Porcentaxe de superación nas distintas sesións de control e avaliación. | A porcentaxe de superación nunca deberá ser inferior ao 95% do alumnado. |

10- DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

O deseño da avaliación inicial a igual que as medidas a adoptar están recollidas no apartado de ANEXOS (Avaliación Inicial e Plans de Reforzo).

11- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O alumnado con NEE é dun alumno. O diagnóstico é trastorno específico da aprendizaxe asociado a TDAH. As medidas a adoptar con este alumnado serán, ao igual que no curso anterior, sempre inclusivas, prestando unha atención individualizada con explicacións directas, claras e concisas e adaptando, se fose preciso, as actividades a realizar nas distintas sesións, tentando favorecer en todo intre a autoestima e favorecendo a súa integración no grupo.

12- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O área de Educación Física está aberta a cantas iniciativas deportivas e/ou de xogos poidan xurdir.

Durante os últimos cursos, dada a situación sanitaria deixáronse de realizar, como viña sendo habitual, contactos cos diferentes clubs deportivos da zona.

Xa durante o comezo deste curso que está a comezar retomamos esta colaboración coa finalidade de realizar actividades de exhibicións deportivas para achegar distintas modalidades ao alumnado (por exemplo: balonmán e baloncesto Porriño).

13- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Coa intención de avaliar a propia programación haberá un protocolo de actuación que será o seguinte:

- Adecuar a programación ao marco temporal.
- Adecuar esta programación ás propias condicións do alumnado en xeral ou específico.
- Adaptar as sesións que desenvolven a programación ás necesidades do alumnado.

- Facer unha valoración por parte do alumnado das actividades desenvolvidas e dificultades atopadas cara ás pertinentes modificacións.
- Realizar unha análise obxectiva sobre os resultados acadados en cada avaliación, adoptando as medidas pertinentes que permitan ao alumnado conseguir satisfactoriamente as competencias básicas reflectidas nesta programación .